

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Proxecto de lei de modificación da Lei 10/1998, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que a Xunta de Galicia aprecia a necesidade de formular ao Goberno da Nación requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, en relación co Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a mellora do financiamento local durante o ano 2010

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se aproban os criterios de repartición do fondo de acción social da Xunta de Galicia para o exercicio económico do ano 2009
- Acordo polo que se modifican os límites establecidos para compromisos plurianuais en relación cun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, o Concello de Vigo, e a *Sociedad Estatal Aguas de la Cuenca del Norte S.A. (Aquanorte)*, como usuarias da estación hidráulica "Saneamento de Vigo"

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o Concello de Carnota, para a execución de cunetas de formigón e canalización de augas pluviais na estrada O Viso-Paxareiras, por un importe de catrocentos cincuenta e nove mil cento corenta e tres euros (459.143,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o Concello de Baiona para a reordenación de acceso desde a AG-57, mellora e intersección en Sabarís e pavimentación de vías de servizo, por un importe de setecentos vinte e sete mil cincocentos oitenta e nove euros (727.585,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza a resolución, por mutuo acordo, do contrato de obra denominado: "Acondicionamento da estrada AC-43, Ponte do Porto AC-432 Laxe AC-431"
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía máxima de mil oitenta e nove millóns trescentos cinco mil novecentos dous euros con noventa e seis céntimos (1.089.305.902,96 euros) -625.752.177,76 euros constantes-, do expediente de contratación de concesión de obra pública da autovía Carballo-Berdoias

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e a exceptuar a solicitante na achega de garantías reais suficientes na concesión dun aval a *Metalships & Docks, S.A.U.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval polo importe máximo de oitocentos dez mil euros (810.000 euros) a *Brauron, S.L.*
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de un millón oitocentos cincuenta mil euros (1.850.000 euros) a *SUMTEC, S.L.*

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de setecentos oitenta mil euros (780.000 euros) a *Bodeal, S.L.U*

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de gas natural licuado para o novo hospital de Lugo

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a execución do proxecto de sinalización provincial turística xeral e especial dos límites fronteirizos
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Deputación Provincial de Ourense, para a execución do proxecto de sinalización provincial turística xeral e especial dos límites fronteirizos

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza ás consellerías do Medio Rural e do Mar para a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, en materia de estatística
- Acordo polo que se acumulan tres expedientes sancionadores seguidos contra *Bodegas Luís Caride, S.L.* e se sanciona cunha multa de noventa mil catrocentos un euros (90.401 euros), pola comisión de dúas infraccións moi graves e unha infracción leva tipificadas respectivamente nos artigos 40.1.d.), 40.1.f) e 38.1.a) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual para a sinatura dun convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Universidade de Santiago de Compostela, polo que se regulan as condicións en que se lle concede unha subvención directa para a realización, durante os anos 2009 e 2010, do II máster en economía pesqueira

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a evolución da onda pandémica da gripe A (H1N1) en Galicia

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre o Plan corrector dos Camiños de Santiago, II fase

O GOBERNO DA XUNTA APROBA AS MODIFICACIÓNS LEGAIS DA LEI DE ORDENACIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA

- *Coa modificación da Lei 10/1988, a Dirección Xeral de Comercio acadará en prazo a transposición da directiva de servizos europea nos aspectos máis relevantes para o sector*

O Goberno da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe unha normativa que modifica a Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia que establece a obrigatoriedade da tramitación autonómica da segunda licenza das superficies comerciais maiores de 2.500 metros, coa finalidade de garantir o respecto ao ambiente e a un axeitado ordenamento urbanístico no eido comercial galego.

Esta modificación legal vén garantir, unha vez se teña cumprido o prazo para a transposición da directiva de servizos europea (fixado o 28 de decembro), a tramitación autonómica das licenzas dos proxectos comerciais de incidencia supramunicipal.

Deste xeito, os establecementos comerciais que se instalen en solo urbano non consolidado ou solo urbanizable, cunha superficie útil de exposición e venda ao público superior aos 2.500 metros cadrados, deberán obter a licenza administrativa da Xunta, que asegura o axeitado cumprimento destes proxectos das normativas ambientais, de impacto urbanístico e de interese xeral.

Ao mesmo tempo, desde a Consellería de Economía e Industria, a través de Dirección Xeral de Comercio, continúan os traballos para a elaboración dunha nova Lei de comercio de Galicia, que abrangue a necesaria ordenación do sector comercial galego axeitada á realidade actual e ás adaptacións da normativa europea.

A XUNTA CONSIDERA QUE O DECRETO ESTATAL DE ORDENACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO DEIXARÍA FÓRA DAS ACHEGAS DOS FONDOS FEP MÁIS DE 4.000 EMBARCACIÓNS GALEGAS DE PESCA

- *O Goberno galego aprobou hoxe un requirimento de incompetencia ao entender que a norma cualifica indebidamente como pesca marítima materias que son propias de ordenación do sector pesqueiro*
- *O real decreto deixa fóra da posibilidade de optar a achegas dos Fondos Europeos da Pesca máis de 4.000 embarcacións galegas de pesca en augas interiores*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un requirimento de incompetencia ante o Estado polo Real decreto 1549/2009, de 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, ao considerar que esta lexislación invade competencias propias da Comunidade Autónoma galega. A Xunta entende que este decreto deixa fóra das achegas dos fondos FEP máis de 4.000 embarcacións galegas de pesca en augas interiores.

Tras analizar polo miúdo a normativa, a Consellería do Mar considerou que existen razóns suficientes para iniciar o oportuno procedemento de conflitividade constitucional, xa que o decreto cualifica indebidamente como pesca marítima materias que son propias de ordenación do sector pesqueiro, de tal xeito que vulnera o disposto na propia Lei de pesca marítima do Estado e tamén as competencias da Comunidade Autónoma de desenvolvemento lexislativo e de execución.

Tanto a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta como a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias tamén coincidiron na necesidade de realizar o requirimento e, concretamente este último departamento, conclúe nun informe que varios artigos do decreto son contrarios ao sistema de distribución de competencias establecido polo bloque de constitucionalidade.

A Xunta considera que o capítulo IX do decreto, que regula o censo da frota pesqueira operativa, é contrario ao sistema de distribución de competencias, xa que corresponde á Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento e execución das bases do Estado no tocante ao censo. En concreto, serían contrarios os artigos 49, 50, 51 e 54, así como os anexos I e VI, onde se establecen os documentos e modelos para a alta provisional no censo da frota pesqueira operativa de buques de nova construción, importación ou que veñen doutra lista.

A disposición derradeira primeira do real decreto establece que o Capítulo IX e os anexos foron ditados en virtude da competencia exclusiva do Estado en materia de pesca marítima regulada no artigo 149.1.19 da Constitución. A Xunta considera que se trata dunha interpretación incorrecta do artigo constitucional, xa que se cualifica

indebidamente como pesca marítima –de competencia estatal- materias que son propias de ordenación do sector pesqueiro –de competencia galega-.

O CONSELLO AUTORIZA O ACORDO COA FEGAMP PARA MELLORAR O FINANCIAMENTO LOCAL O VINDEIRO ANO 2010

- *O Goberno galego habilita un fondo extraordinario de 18 millóns de euros para compensar a caída prevista na participación dos concellos nos tributos da Xunta*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a subscripción dun acordo entre o Goberno galego e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a mellora do financiamento local durante o ano 2010, que recolle a creación dun fondo extraordinario dotado con 18,3 millóns de euros e unha achega tamén extraordinaria ao Fondo de Cooperación Local dun máximo de seis millóns de euros, procedentes do Fondo de Compensación Ambiental.

O acordo servirá para formalizar o consenso acadado entre a Xunta e a Fegamp para mellorar o financiamento das entidades locais durante o ano 2010, para o cal o Goberno galego habilitará un mecanismo de garantía que posibilite que ningún concello galego perciba no vindeiro exercicio unha transferencia inferior á percibida durante o 2009 en concepto de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma.

Esta contía baixaría un 18% pola caída de ingresos da Comunidade provocados pola crise económica e pola aplicación automática da regulación en vigor para o Fondo de Cooperación Local durante o ano 2010, situación que a Xunta compensa coa habilitación dun fondo extraordinario de máis de 18 millóns de euros e unha achega extraordinaria ao Fondo de Cooperación Local –cun límite de seis millóns de euros-, correspondente ao 50% do Fondo de Compensación Ambiental que se dote en 2010 coa recadación obtida polo canon eólico.

O acordo entre a Xunta e a Fegamp foi acadado no marco da sesión celebrada pola Comisión Galega de Cooperación Local o pasado 16 de novembro, nunha reunión en que ambas as partes tamén decidiron constituír durante o ano 2010 un grupo de traballo que permita avanzar cara á mellora do financiamento local en Galicia, a través dunha nova regulación nas liñas marcadas polo Pacto Local.

A XUNTA DESTINA 8,1 MILLÓNS DE EUROS ÁS AXUDAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL PARA O EXERCICIO DE 2009

- *Están incluídas no acordo asinado entre representantes da Administración galega e das organizacións sindicais relativos aos criterios de repartición*
- *O fondo de acción social ten por obxecto a concesión de axudas á xubilación, discapacitados, fillos menores, estudos dos fillos, estudos do traballador, adquisición de vivenda, maiores a cargo e gastos sanitarios*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o acordo relativo aos criterios de repartición do fondo de acción social da Xunta de Galicia para o exercicio económico do ano 2009 para o que se destinarán 8,1 millóns de euros. Este acordo foi asinado pola Administración coa unanimidade das organizacións sindicais con representación na Mesa de Empregados Públicos: Condeferación Intersindical Galega (CIG); Comisións Obreiras (CCOO); Unión General de Traballadores (UGT); e a Confederación Sindical Independiente de Funcionarios (CSI-CSIF).

Así, a Xunta destinará un montante de 8.136.392 euros ás axudas do fondo de acción social que se reparten da seguinte forma: 700.000 euros para axudas á xubilación; 1.500.000 euros para atención de discapacitados; 1.510.000 euros a axudas por fillos menores; 2.459.537 euros para estudos por fillos; 200.000 euros para estudos do traballador; 966.855 euros de axudas por adquisición de vivenda; 350.000 euros para axudas de persoas maiores a cargo; e 450.000 euros para axudas por gastos sanitarios.

Poderán solicitar as axudas do fondo de acción social o persoal funcionario de carreira; o persoal interino que ocupe postos incluídos nas relacións de postos de traballo; o persoal laboral fixo e o persoal laboral temporal que ocupe postos incluídos nas relacións de postos de traballo; e laborais declarados indefinidos non fixos. Para determinar o importe das axudas establecerase unha escala en función da renda per cápita da unidade familiar. Estas axudas son incompatibles coa percepción doutras de natureza similar concedidas pola Xunta de Galicia ou por outro organismo oficial ou empresa privada.

Solicitudes e documentación

Todas aquelas persoas que cumpran os requisitos establecidos e queiran optar a estas axudas deberán completar en liña a solicitude e anexos que atoparán na páxina web: <http://www.xunta.es/dxpf/fas.htm>. Posteriormente terán que presentar esa mesma solicitude impresa asinada ante as unidades de persoal. O prazo para cubrir as solicitudes na web e para presentalas ante as unidades de persoal unha vez impresas, comezará o día da publicación da resolución deste acordo e rematará o 26 de febreiro de 2010. As solicitudes conformadas entregaranse aos respectivos solicitantes ata o 18 de marzo e o prazo para seren presentadas rematará o 30 de abril do 2010.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN GASTO DE MÁIS DE 126 MILLÓNS DE EUROS PARA A AMPLIACIÓN DA EDAR DE VIGO E O SEU EMISARIO COMO PASO PREVIO Á APROBACIÓN DO CONVENIO

- *Coa posta en marcha desta obra cúmprese un dobre obxectivo: cumprir unha prioridade do actual Goberno para Vigo e dar resposta a unha obriga contraída diante da Unión Europea*
- *Segundo o acordo acadado co Ministerio de Fomento, o pagamento das obras, no que afecta o cofinanciamento da Xunta de Galicia, fraccionarase en quince anualidades, garantindo ao mesmo tempo que a depuradora faerae nos tempos previstos*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou un gasto de 126,78 millóns de euros para levar a cabo as obras de ampliación da estación depuradora de augas residuais (Edar) de Vigo e o seu emisario. O importe corresponde aos 107,2 millóns de euros que Augas de Galicia achegará ás obras (o 45,04% do custo total do proxecto), e aos 19,5 millóns de euros que a Administración hidráulica de Galicia terá que aboar en concepto de xuros.

A proposta da Xunta de Galicia para financiar esta actuación, aceptada polo Ministerio de Medio Ambiente, consiste na execución da obra baixo a modalidade de aboamento total do prezo, cunha especificidade: o pagamento das obras, no que afecta o cofinanciamento da Xunta de Galicia, fraccionarase en quince anualidades. Deste xeito, a Xunta pode diferir o pagamento da súa achega ata o ano 2024, garantindo ao mesmo tempo que a depuradora poderá entrar en servizo nos tempos previstos.

Desde o pasado 23 de outubro, data en que o ministerio remitiu a proposta de convenio á Consellería de Medio Ambiente, o Goberno galego comezou a traballar na tramitación oficial do documento para poder formalizar, no período máis breve posible, a sinatura do convenio. En consecuencia, o 30 de outubro solicitouse un informe xurídico que foi emitido de xeito favorable con data do 12 de novembro. Á vez, o 9 de novembro solicitouse autorización á Dirección Xeral de Orzamentos para a superación do número de anualidades para o cofinanciamento da Edar e o emisario de Vigo.

A autorización do gasto polo Consello da Xunta é o paso previo para a aprobación do convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e o Concello de Vigo.

Antecedentes

O actual equipo da consellería que dirixe Agustín Hernández atopouse no mes de abril cun borrador de convenio sen tramitar e, polo tanto, sen asinar. Este texto, cuxa redacción se iniciou a principios do ano 2008, prevía unha achega de 115 millóns de euros de fondos propios da Xunta en varias anualidades, desde o ano 2008 ata o 2014, o que superaba os límites orzamentarios que permite a normativa vixente e impedía a Augas de Galicia financiar as obras dentro dese prazo.

Dado que a construción da Edar de Vigo é unha prioridade do actual Goberno, ademais de ser consciente de que é unha obriga contraída diante da Unión Europea, o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas transmitiu en reiteradas ocasións ao presidente da Sociedade Estatal Acuanorte, Jorge Marquínez, que o Goberno galego asumiría a súa participación, pero reformulando a achega autonómica de forma que esta se prolongue nun número de anualidades significativamente maior do inicialmente proposto.

En consecuencia, co obxectivo de acadar un acordo, celebrouse unha xuntanza o 10 de xuño de 2009 (entre Acuanorte e Augas de Galicia) e outra o 9 de xullo de 2009 entre o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coa ministra de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, Elena Espinosa.

Finalmente, o ministerio transmitiu a finais do pasado mes de outubro a súa aprobación á fórmula de financiamento proposta pola Consellería de Medio Ambiente, que iniciou de inmediato os trámites necesarios para poder asinar o convenio coa máxima urxencia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A EXECUCIÓN DUN SISTEMA DE RECOLLA DE AUGAS PLUVIAIS MEDIANTE CUNETAS DE FORMIGÓN NO TREITO O VISO-PAXAREIRAS, NO CONCELLO CORUÑÉS DE CARNOTA

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas financia as obras mediante un importe dun total de 459.000 euros*
- *O concello verá mellorada a conexión coa vía Muros-Santa Comba, que é un dos seus acceso principais*
- *O proxecto céntrase na realización dunha gabia para a instalación dun ramal de pluviais, a reposición de pavimentos e a construción de cunetas de formigón*
- *As actuacións de mellora benefician preto de 5.000 habitantes do concello carnotán*
- *O prazo de execución das obras é de seis meses*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Carnota para a execución de cunetas de formigón e canalización de augas pluviais na estrada O Viso-Paxareiras. Deste xeito, o concello verá mellorada a conexión coa vía Muros-Santa Comba, que é un dos seus acceso principais.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas investirá nas citadas actuacións un total de 459.000 euros, distribuídos en dúas anualidades de 229.571 euros. Este investimento está enmarcado na mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que proporcione aos usuarios unhas condicións de condución cómodas e seguras. Neste contexto, a Xunta fomenta aquelas colaboracións económicas cos municipios que resolvan problemas de infraestruturas, ofrecendo unha maior calidade de vida aos seus cidadáns.

Actuacións

O proxecto céntrase na execución dun novo sistema de recolla de augas pluviais ao longo do citado treito que conta cunha lonxitude de 4.340 metros. Así, construíranse cunetas de formigón que nalgúns tramos de núcleos urbanos estarán canalizadas, achegando suficientes saídas transversais á auga así como rexistros para os treitos canalizados.

Para a execución da nova canalización de pluviais, primeiramente procederase ao corte e demolición do pavimento asfáltico afectado pola instalación. En segundo lugar, realizarase a escavación dunha gabia para a posta en marcha dun novo ramal de pluviais, que consta de tubaxe de formigón, que se conectará coa rede existente no Viso. Finalmente, repoñerase o pavimento afectado mediante a estendedura dunha capa de rodadura e realizarase posteriormente a pintura e balizamento.

Por outra parte, executaranse 3.804 metros de cunetas de formigón sobre unha base de saburra artificial compactada, que permitirá a conexión co tramo de pluviais que se vai efectuar.

As citadas actuacións establecen como obxectivo fundamental solucionar a acumulación de sedimentos nas cunetas, evitando o exceso de crecemento de masa vexetal e a obstrución das gabias de cruzamento da estrada. Ademais, as obras de mellora tamén impedirán que a auga de escorremento en épocas chuviosas reborde a calzada e axudará así á conservación dun piso óptimo.

O prazo de execución do proxecto, que beneficiará preto de 5.000 habitantes do Concello de Carnota, é de seis meses.

MEDIO AMBIENTE EXECUTARÁ A REORDENACIÓN DO ACCESO A BAIONA DESDE A AG-57, A MELLORA DA INTERSECCIÓN EN SABARÍS E A PAVIMENTACIÓN DE VÍAS DE SERVIZO POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 700.000 EUROS

- *O proxecto céntrase na construción dunha rotonda que permita o tráfico continuo procedente da autoestrada e de vías municipais e a posibilidade de efectuar cambios de sentido*
- *As obras benefician máis de 11.000 habitantes do concello de Baiona*
- *O prazo de execución das actuacións é de seis meses*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Baiona para a reordenación de acceso desde a autoestrada AG-57, que une Vigo e o Val Miñor; a mellora de intersección en Sabarís e a pavimentación de vías de servizo.

A Xunta de Galicia achegará un total de 727.589 euros para o financiamento de ditas actuacións, dispoñendo de dúas anualidades correspondentes a 2010 e 2011.

Obras que se van realizar

O acceso desde a AG-57 á principal vía de comunicación entre A Ramallosa e Baiona está resolto de forma provisional mediante unha minirotonda que provoca interferencias de distintos tráfico, o que orixina importantes incidencias. Así, o proxecto aprobado pretende reordenar os tráfico e unificar circulacións co fin de ofrecer un mellor servizo aos usuarios.

Por unha parte, levarase a cabo a demolición da minirotonda e construírse unha rotonda que permita o tráfico continuo procedente da autoestrada e pola súa vez reordene os tráfico referidos ás vías municipais, posibilitando a realización do cambio de sentido.

Por outra parte, levarase a cabo a reordenación da rotonda A Ramallosa-Baiona, unificando os movementos que actualmente presentan dificultades debido ao estado da dita rotonda, que está descentrada e conta con multitude de illetas. Ademais, o proxecto tamén inclúe a mellora do piso de vías de servizo paralelas ao ramal de Sabarís.

As unidades principais de obra céntranse en demolicións e movementos de terra, mellora de pisos e pavimentos, drenaxe de pluviais, iluminación, sinalización e estudos complementarios de seguridade e saúde.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas enmarca as citadas accións no obxectivo fundamental de ordenación do territorio, para o cal é preciso dispoñer dunha eficaz e segura rede de infraestruturas de comunicación. As obras de mellora benefician o concello de Baiona, concretamente 11.014 habitantes e axudan ao desenvolvemento do municipio proporcionando unha maior calidade de vida á súa poboación.

O prazo de execución establecido para a finalización das citadas actuacións é de seis meses.

O GOBERNO GALEGO RESCINDE, POR MUTUO ACORDO, O CONTRATO DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA PONTE DO PORTO - LAXE

- *Desde agosto de 2008, data en que a empresa asinou un contrato coa Administración, só se realizaron obras polo importe de 60.273 euros*
- *Ante a inexecución manifesta do contrato, a Xunta tramitou o proceso de rescisión, que culminará coa adxudicación dos traballos á compañía que quedou en segundo lugar na mesa de contratación, UTE COMSA AOPIL, no suposto de que mostre a súa conformidade*
- *A Xunta ten previsto que as obras se inicien a comezos do vindeiro ano, unha vez formalizados todos os trámites do novo contrato*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas rescinde, por mutuo acordo, o contrato de obra de acondicionamento da estrada AC-433, Ponte do Porto-Laxe. O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o acordo polo que se autoriza o departamento dirixido por Agustín Hernández finalizar a relación contractual con Tecnoloxías de la Construcción S A., (TECONSA), adxudicataria do proxecto mediante contrato asinado o pasado 13 de agosto de 2008

Cómpre sinalar que, unha vez producida a autorización do Consello, a consellería procederá a resolver o contrato administrativo e iniciar de inmediato os trámites para proceder a unha nova adxudicación, co obxectivo de que a execución das obras sexa unha realidade a comezos do vindeiro ano.

Concretamente, unha vez consumada a rescisión, comunicaráselle á compañía que quedou en segundo lugar na mesa de contratación, UTE COMSA AOPIL, esta situación e procederase á súa adxudicación no suposto de que mostre a conformidade, de acordo co disposto no artigo 135.5 da Lei de contratos do sector público. O prezo de licitación é de 2.930.531,15 euros, ao que haberá que restar o importe das obras executadas.

Antecedentes

O pasado 17 de abril de 2008, o anterior equipo responsable das infraestruturas na Comunidade Autónoma acordou a autorización dun gasto de 3.515.934,19 euros para a obra de acondicionamento da estrada AC-433, Ponte do Porto-Laxe. Posteriormente, o 23 de abril, a extinta Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes anunciou a licitación do concurso aberto da obra. Finalmente o contrato foi adxudicado a Teconsa.

A empresa adxudicataria, logo de reiteradas advertencias realizadas desde a Xunta por incumprimento do contrato, solicitou o 29 de setembro de 2009 a súa resolución por mutuo acordo debido ás dificultades financeiras que está a sufrir o sector da

construción, o que provocou que a execución dos traballos non discorresen ao ritmo desexado.

O pasado 13 de novembro, a Asesoría Xurídica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas emitiu un informe favorable á resolución do contrato.

Por iso, de conformidade coa normativa de aplicación e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron na contratación, a Xunta de Galicia aboará á sociedade adxudicataria o importe das obras realmente executadas, que ascenden a 60.273,89 euros.

A VAP DA COSTA DA MORTE CONTARÁ CON 4 CARRÍS ATA BERDOIAS DESDE O PRIMEIRO MOMENTO

- *O Consello aprobou hoxe un gasto de 216 millóns de euros que permitirá licitar de novo esta infraestrutura antes de que remate o ano*
- *En tan só oito meses a nova Xunta conseguiu desbloquear o problema herdado, rescindindo o contrato de mutuo acordo debido a que as obras estaban totalmente paralizadas (certificáronse menos de 90.000 euros de obra) e preparando os documentos técnicos para licitar o trazado completo da autovía co obxectivo de intentar recuperar o tempo perdido*

O Consello da Xunta na súa reunión de esta mañá autorizou un gasto por unha contía de 216.723.418 euros para proceder á licitación das obras de construción da vía de altas prestacións Carballo-Berdoias, que contará con 4 carrís para a circulación ata Berdoias desde o primeiro momento. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dá un novo paso para poder licitar as obras desta infraestrutura antes de que remate o ano, logo de rescindir, por mutuo acordo, neste mesmo mes de novembro, o contrato de concesión de obra pública asinado o 16 de xuño de 2008 coa UTE Ferrovial -Taboada e Ramos, S.L.

No novo proceso de licitación, a Xunta incluírá nos pregos de contratación os seguintes documentos técnicos:

- Proxecto de construción da autovía Carballo-Baio con sección de autovía e proxecto de construción do corredor Baio-Berdoias
- Proxecto de construción do desdoblamento Baio-Berdoias
- Separata coa solución definitiva do enlace de A Pionlla co informe favorable de Patrimonio

A nova concesionaria deberá asumir os ditos documentos, que xa contan cos permisos sectoriais pertinentes, o que implica que as obras se farán desde o principio con sección de autovía en todo o treito Carballo-Berdoias. Lembramos que o prego licitado polo anterior goberno só contemplaba dobre carril entre Carballo e Baio, continuando como corredor ata Berdoias.

Deste xeito, en tan só oito meses a nova Xunta conseguiu desbloquear o problema herdado, rescindindo o contrato de mutuo acordo debido a que as obras estaban totalmente paralizadas (certificáronse menos de 90.000 euros de obra) e preparando os documentos técnicos para licitar o trazado completo da autovía co obxectivo de intentar recuperar o tempo perdido.

Antecedentes

O pasado 25 de xuño de 2007, o anterior equipo responsable das infraestruturas na Comunidade acordou a iniciación do expediente de contratación da concesión de obra pública da *nova infraestrutura viaria Costa da Morte. Vía de alta capacidade Carballo-Berdoias*.

Posteriormente, en xullo de 2007, o Consello da Xunta adoptou o acordo de autorización do gasto e, con data do 6 de xullo, aprobouse o expediente de contratación e acordouse a apertura do procedemento de adxudicación mediante un concurso de procedemento aberto.

Finalmente o contrato foi adxudicado á agrupación Ferrovial Agroman, S.A e Construcións Taboada e Ramos, S.L, que constituíron unha sociedade anónima baixo o nome Sociedade Concesionaria de Baio, S.A.

A sociedade concesionaria, logo de repetidas prórrogas solicitadas para elaborar o plan económico e financeiro da obra (PEF), presentou o 16 de abril de 2009 un escrito ante o anterior departamento responsable de infraestruturas no cal se requiría o reequilibrio do contrato concesional debido a que as condicións que impoñían os bancos facían inasumible abordar o proxecto.

Cómpre sinalar que os anteriores responsables era coñecedores dos graves problemas de financiamento, e aínda así decidiron colocar a primeira pedra da infraestrutura o 22 de decembro de 2008.

Obrigas

O pasado 12 de novembro o Consello da Xunta autorizou a rescisión do contrato concesional, e o día 13 de novembro a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas acordou a iniciación do novo expediente de contratación de concesión de obra pública da Autovía Carballo-Berdoias. A licitación deste contrato réxese pola actual Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Segundo esta normativa, a sociedade concesionaria asumirá a obriga da construción, mantemento e reparación, así como o financiamento da infraestrutura pública. Como contraprestación obterá o dereito da súa explotación, que vai xunto ao dereito a percibir da Administración concedente unha retribución económica calculada en función da utilización da vía e o nivel de prestación do servizo, denominado canon de demanda, a partir da posta en servizo da infraestrutura e durante un período de vixencia do contrato. Cómpre precisar que o importe do canon non se pode determinar a priori, xa que dependerá do número e do tipo de vehículos e dos quilómetros que circulen pola vías.

Vertebración da Costa da Morte

A autovía Carballo-Berdoias conectará a autoestrada A Coruña-Carballo (AG-55) con Baio e Berdoias. Asemade, a vía de alta capacidade serve de alternativa á conxestionada estrada A Coruña-Cee (AC-552). A súa lonxitude é de 42 quilómetros.

O tramo Berdoias-Cee dará continuidade á autovía como vía de altas prestacións, cunha lonxitude que supera os 10 quilómetros e un investimento de 34 millóns de euros.

Cómpre sinalar que unha das primeiras medidas do conselleiro Hernández foi continuar coa redacción do estudo informativo e impacto ambiental da vía de alta capacidade Berdoias-Cee, anulando deste xeito a suspensión decretada polo bipartito o 3 de xaneiro de 2008. Ademais, no estudo informativo tamén se inclúe a variante de Berdoias, que o Goberno anterior non tiña incluída.

En canto ao treito da VAC Cee-Sardiñeiro xa están na última fase dos traballos de movemento de terras e desmontes. Deste xeito, queda completada a totalidade trazado da vía de altas prestacións que conectará a Costa da Morte con Carballo.

A XUNTA APOIA A METALSHIPS&DOCKS NA CONSTRUCIÓN DUN BUQUE QUE EMPREGARÁ 300 PERSOAS DURANTE UN ANO

- *O Consello da Xunta dá o seu visto e praxe a un aval por un importe máximo de 5 millóns de euros para o estaleiro*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe autorizar un aval por un importe máximo de cinco millóns de euros para estaleiro Metalships&Docks. Mediante a concesión deste aval do Instituto Galego de Promoción Económica, Economía e Industria garantirá o 70% dun préstamo bancario destinado ao financiamento do circulante necesario para que o estaleiro vigués poida construír un buque multipropósito *offshore* contratado cunha firma de Noruega. Este estaleiro, dedicado tanto á construción como á reparación de buques de aceiro na ría de Vigo poderá xerar, deste xeito, emprego para entre 250 e 300 traballadores nesa área industrial durante un ano, dado que a operación apoiada a través do Igape suporá unha carga de traballo de, aproximadamente, 500.000 horas.

A operación apoiada polo Instituto Galego de Promoción Económica corresponde ao financiamento operativo para a construción dun buque multipropósito *offshore*, de 153 metros de eslora e 30 de manga. A empresa Metalships&Docks consolidou a súa carteira de pedidos para novas construcións durante os últimos anos. Está especializada en buques *offshore* e catamaráns para pasaxeiros, sen esquecer a construción de barcos de pesca, unha liña de negocio moi afianzada pola gran tradición pesqueira da zona. A calidade de procesos deste estaleiro está certificada co amparo das normas ISO 9001, a ISO 14001 e a OSHAS 18001.

O servizo de reparación de barcos véñse ofrecendo desde hai 25 anos e atendeu xa un milleiro de encargas procedentes de todo o mundo. Os traballos desenvolvidos nesta división do estaleiro van desde reparacións sinxelas ata operacións complexas como a renovación de equipamentos de propulsión, instalación de novos motores, reparación de caldeiras, alongamento de navíos, novos bloques de aloxamento, etc. En reparacións, o estaleiro atende unha media de 40 barcos cada ano.

As instalacións de MetalShips ocupan una superficie de máis de 60.000 metros cadrados, dos cales 21.000 corresponden a zona cuberta destinada a talleres, almacéns e oficina. A factoría naval está equipada con dous diques flotantes de 5.000 e 8.000 Tm. de forza ascensional e capaces de varar buques de ata 160 metros de eslora.

A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA AVAIS POR IMPORTE DE CASE 3,5 MILLÓNS DE EUROS PARA APOIAR A ACTIVIDADE EN EMPRESAS DE CARPINTARÍA E TRANSFORMACIÓN DE METAIS

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe autorizar a concesión de avais por valor de case 3,5 millóns de euros para apoiar operacións de financiamento de circulante ou refinanciamento de pasivos destinadas a garantir a actividade en tres empresas de carpintaría e transformación de metais (Sumtec, Brauron e Bodeal).

Así, o Goberno Galego, tal e como propuxera o consello de dirección do Igape, dependente da Consellería de Economía e Industria, acordou conceder a Sumtec, S.L. un aval por importe de 1,85 millóns de euros en garantía do 50% dun préstamo bancario destinado a refinanciamento de pasivos e financiamento de circulante. Cun cadro de persoal composto por 132 traballadores, esta empresa asentada no polígono industrial do Acevedo, en Cerceda adícase á fabricación e distribución de paneis para portas e paneis tipo sándwich, tanto en aluminio como en PVC, destinados a fachadas, cubertas e divisións; ademais, a firma presta servizos de lacaxe e foliación de aluminio para outras empresas.

Pola súa parte, a empresa Brauron, S.L., domiciliada en Boiro, poderá contar cun aval por importe de 810.000 euros destinado a garantir o 50% dun préstamo bancario destinado a refinciar pasivos e finciar circulante para manter a súa actividade industrial. As actividades actuais da firma, cun cadro de persoal composto por 60 traballadores, céntranse na fabricación de molduras, marcos e listóns de diferentes madeiras como o piñeiro, carballo, abeto ou sapelly, para a venda en carpintaría, decoración e bricolaxe. Esta empresa, que ten entre os seus principais clientes as principais cadeas de bricolaxe, está a impulsar un plan de negocio orientado a ampliar a súa internacionalización.

Do mesmo xeito, Economía e Industria apoia o financiamento de pasivos e circulante que precisa a empresa Bodeal, SLU. Será mediante un aval polo importe de 780.000 euros que garante o 60% dun préstamo bancario con ese obxectivo. Con sede na Cañiza (Pontevedra), Bodeal emprega 58 traballadores. A súa actividade consiste na fabricación, transformación, adquisición e venda de aluminio, ferro e metais de todas as clases, así como os seus complementos de accesorios. Ademais de produtos metálicos, especialmente perfís e ventás, fabrica e instala armarios, tarimas, portas, etc. e está presente en todo o mercado nacional, ademais de chegar a Cabo Verde, Portugal e Francia.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVESTIRÁ 5,4 MILLÓNS DE EUROS NA CONTRATACIÓN E SUBMINISTRACIÓN DE GAS PARA ABASTECER O NOVO HOSPITAL DE LUGO

- *A empresa adxudicataria deberá abastecer de enerxía necesaria a sala de caldeiras, cociñas e cafetaría do novo centro sanitario*
- *Contará cun prazo de catro meses para a creación das instalacións necesarias e establecerase un contrato de catro anos para a subministración sucesiva de gas natural licuado*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación mediante concurso aberto da subministración sucesiva de gas natural licuado para o novo hospital de Lugo. O importe total desta contratación ascende a 5.400.000 euros.

O novo hospital de Lugo precisará para o seu abastecemento de gas natural destinado a cubrir as necesidades enerxéticas da sala de caldeiras, cociñas e cafetaría, que en total se estiman en 30 millóns de quilowatios por ano. Para isto, é preciso a instalación previa dunha planta de regasificación, que supón o seu mantemento e subministración continuada.

A empresa adxudicataria asumirá os investimentos e custos asociados á enxeñería de detalle, planta de gas natural licuado, legalizacións administrativas, así como a instalación, mantemento e monitorización da central de produción técnica. Tamén a adquisición de enerxías primas e servizos necesarios. O prazo de execución das novas instalacións será como máximo de 120 días a partir da data de formalización do contrato.

O obxecto deste contrato é, por tanto, a creación dun acordo marco para a posterior contratación da subministración sucesiva de gas natural licuado ao novo hospital de Lugo (inclúe a distribución, montaxe, instalación e posta en marcha), así como o arrendamento con opción de compra da instalación técnica.

O prazo de duración deste acordo marco será de catro anos sen opción a prórroga. Rematado o prazo, o Servizo Galego de Saúde poderá exercer a opción de compra da instalación e de non exercela, a empresa adxudicataria farase cargo dos bens retirándoos sen custo para o hospital.

APRÓBANSE NO CONSELLO DA XUNTA AS SINATURAS DE DOUS CONVENIOS COAS DEPUTACIÓNS DE OURENSE E PONTEVEDRA DE SINALIZACIÓN TURÍSTICA NOS LÍMITES FRONTEIRIZOS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe as sinaturas dos convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e as deputacións de Ourense e Pontevedra para a execución dun proxecto de sinalización turística dos límites fronteirizos.*
- *O orzamento previsto para a execución dos proxectos conveniados é de 230.328 euros con cada un dos entes provinciais. As actuacións teñen por obxectivo promocionar e divulgar os recursos turísticos das dúas provincias así como potenciar e desenvolver o turismo na zona fronteiriza.*
- *Tendo en conta que o turismo portugués representa a maior porcentaxe de turistas estranxeiros que recibe Galicia co 25,6% do total de turistas procedentes de Portugal –segundo a enquisa de destino 2009 de Turgalicia- e o 75,9% do total de excursionistas –segundo datos da enquisa de excursionismo 2008- considerouse prioritario que esta primeira fase se concentrase nas dúas provincias transfronteirizas*

A sinalización é o factor fundamental de promoción unha vez que o turista está no destino. A Secretaría Xeral para o Turismo detectou deficiencias na sinalización e falta de homoxeneidade e de consistencia na imaxe. Os convenios sobre sinalización turística que hoxe aproba o Consello da Xunta constitúen a primeira etapa na sinalización de todo o destino turístico galego. O Consello da Xunta aprobou hoxe os acordos polos cales se autorizan as sinaturas dos convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Deputación de Ourense e mais entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Deputación de Pontevedra. Ambos os convenios teñen por obxecto executar un proxecto de sinalización turística dos límites fronteirizos. O orzamento previsto para a execución de cada un dos proxectos é de 230.328 euros, que serán financiados integramente pola Consellería de Cultura e Turismo.

A Secretaría Xeral para o Turismo contactou con todos os concellos de Pontevedra e Ourense para solicitar que enviasen un inventario de recursos que na súa opinión foran sinalizables e que servise como base para os traballos realizados desde as deputacións respectivas.

A través de acordos como o que hoxe se aprobou no Consello da Xunta, a Consellería de Cultura e Turismo pretende apoiar as entidades e asociacións para a ordenación e promoción das actividades relacionadas coa difusión e promoción dos recursos turísticos de Galicia. Doutra parte, a proximidade física e cultural de Galicia e o Norte de Portugal e a confluencia de intereses conduciu á creación da primeira Eurorrexión.

Por esa proximidade física, resulta necesario evitar que nos límites fronteirizos existan recursos turísticos sen sinalizar no territorio. A maior porcentaxe de turistas estranxeiros que visitan Galicia proceden de Portugal. Tendo en conta que o turismo portugués representa o 25,6% do total de turistas internacionais que recibe Galicia – tendo como fonte a enquisa de destino de Turgalicia de 2009- e representa o 75,9 % do total de excursionistas que recibe Galicia –segundo datos da enquisa de excursionismo de 2008- considerouse prioritario que esta primeira fase se concentrase nas dúas provincias transfronteirizas. O obxectivo é ter sinalizado de xeito coherente a totalidade do territorio galego.

En consonancia con estes obxectivos, as deputacións de Ourense e Pontevedra están a desenvolver o proxecto de sinalización provincial turística xeral e especial dos límites fronteirizos. A actuación estenderase a todos os concellos limítrofes coa fronteira, segundo as necesidades de sinalización de cada un.

A XUNTA E O GOBERNO CENTRAL COLABORARÁN NA REALIZACIÓN DE ESTATÍSTICAS EN MATERIA AGRARIA, GANDEIRA E PESQUEIRA

- *O Consello autorizou a sinatura dun convenio con este fin entre as consellerías do Medio Rural e do Mar e o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, que estará dotado con máis de 200.000 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura, por parte das consellerías do Medio Rural e do Mar, dun convenio de colaboración co Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (MARM) en materia de estatísticas.

Este acordo, que ten por obxecto a realización –de maneira conxunta entre a Xunta e o Goberno Central– de estatísticas agrarias, gandeiras e de pesca, desenvolve o convenio marco asinado para este fin, con data de 20 de marzo de 2009, entre a Comunidade Autónoma e o propio MARM.

O orzamento do convenio ascende a 204.229 euros, dos cales 189.229 son transferencias finalistas do Ministerio. A Xunta, a través da Consellería do Medio Rural, financiará os 15.000 euros restantes.

Prezos e produtividade dos cultivos

Entre as operacións estatísticas que se desenvolverán de acordo con este convenio figuran, no que atinxe ao ámbito de competencias da Consellería do Medio Rural, as referidas a prezos, produtividade dos cultivos, salas de incubación, sacrificios en matadoiros, superficies ou explotacións cunícolas, entre outros. En materia de pesca, o acordo abrangue, en concreto, as estatísticas referidas a capturas e desembarcos de pesca marítima.

A XUNTA SANCIONA A *BODEGAS LUIS CARIDE* CUNHA MULTA DE 90.401 EUROS POR INFRACCIÓNS MOI GRAVES EN MATERIA AGROALIMENTARIA

- *A multa imponse polo traslado de mercadorías intervidas cautelarmente polos inspectores, a falsificación de produtos e a súa venda e a ausencia de libros de rexistro*
- *A adega cometeu, de xeito continuado, dúas infraccións moi graves e unha leve tipificadas en varios artigos da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño*

O Consello da Xunta acordou sancionar a empresa *Bodegas Luis Caride S.L.*, con domicilio en Ourense, cunha multa de 90.401 euros pola comisión, de xeito continuado, de dúas infraccións moi graves e unha leve en materia de calidade agroalimentaria, tipificadas na Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño.

As dúas infraccións moi graves están tipificadas, por un lado, no artigo 40.1.f), que se refire á “manipulación, traslado ou disposición, sen autorización, de mercadorías intervidas cautelarmente, se se violan os precintos ou se as mercadorías saen das instalacións onde foron intervidas” e, por outro, no artigo 40.1.d), relativo á “falsificación de produtos ou a venda de produtos falsificados”.

Acumulación de infraccións

No primeiro caso a multa é de 60.000 euros e no segundo, de 30.001. Ao se acumularen as infraccións e, xa que logo, as sancións, xunto coa que se deriva da comisión da falta leve (400 euros, por incumprir o establecido no artigo *38.1.a*), sobre a “ausencia dos libros-rexistro, sen causa xustificada, cando fosen requiridos para o seu control en actos de inspección”), o montante total da multa ascende aos devanditos 90.401 euros.

Contra a resolución, que esgota a vía administrativa, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición ante o propio Consello da Xunta, ou ben directamente formular recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A XUNTA APROBA A SEGUNDA ACHEGA DAS SUBVENCÍONS AOS CONSELLOS REGULADORES PARA CUBRIR GASTOS DE FUNCIONAMENTO

- *O importe ascende agora a 172.111 euros, que se suman aos 416.000 euros da primeira partida*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para que faga efectiva a segunda achega das subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade, coa finalidade de financiar os gastos de funcionamento das distintas denominacións recoñecidas en Galicia. O importe desta segunda partida ascende a 172.111 euros, que se suman aos 416.000 euros que a consellería xa entregara nunha primeira achega. Xa que logo, o importe total destas axudas é de 588.111 euros.

Con estas subvencións Medio Rural quere contribuír ao traballo que fan os diferentes consellos reguladores en prol da necesaria protección e tipificación destes produtos agroalimentarios, así como garantir a súa orixe xeográfica e a súa calidade como elementos básicos que determinan o seu renome e prestixio no mercado.

Os importes propostos pola consellería son os considerados axeitados e suficientes para cubrir os gastos de funcionamento, aparecendo cunha menor contía aqueles tres consellos reguladores (*Pan de Cea, Queixo San Simón da Costa e Castaña de Galicia*) que, pola súa singularidade, ámbito xeográfico reducido, volume anual de traballo ou número de traballadores, se considera que cubrirán sobradamente as súas necesidades coa axuda asignada.

Estas subvencións para gastos de funcionamento veñen complementar os preto de 500.000 euros que Medio Rural xa achegou a estes organismos para a mellora da calidade dos seus produtos, co fin de apostar pola innovación e a mellora competitiva no mercado.

Listaxe de produtos galegos de calidade

Na Comunidade Autónoma de Galicia existen na actualidade dezoito produtos agroalimentarios abrangidos por diferentes indicativos de calidade. En canto a viños e licores, Galicia conta coas denominacións de *Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras*; ademais da denominación *Augardentes e Licores Tradicionais*.

No ámbito dos produtos lácteos hai que mencionar os queixos *Arzúa-Ulloa, Tetilla, San Simón da Costa e Cebreiro*. No sector cárnico, están certificados como produtos de calidade *Ternera Gallega e Lacón Gallego*.

Completando a listaxe dos produtos de calidade están *Pataca de Galicia, Mel de Galicia, Pan de Cea, Castaña de Galicia, Faba de Lourenzá* e o *Consello Regulador Agricultura Ecolóxica de Galicia*.

A XUNTA AUTORIZA O CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A SUBVENCIÓN DO II MÁSTER EN ECONOMÍA PESQUEIRA

- *A Consellería do Mar financiará o dito máster durante os anos 2009 e 2010 cun importe de 20.000 euros*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou, na súa reunión semanal, o compromiso de gasto plurianual para a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a subvención directa para a realización, durante os anos 2009 e 2010, do “II máster en economía pesqueira”.

A través deste convenio, a universidade e a consellería pretenden incidir na mellora de formación dos profesionais do sector pesqueiro e da avaliación e xestión dos recursos mariños. A Consellería do Mar contribuirá na organización do máster, prestando asesoramento técnico e achegando apoio económico e institucional a súa posta en marcha. Así, o departamento de Rosa Quintana financiará o seu desenvolvemento nos anos 2009 e 2010 cun importe de 20.000 euros en dúas anualidades, a de 2009 por un importe de 10.000 euros e a de 2010 por importe de 10.000 euros.

Pola súa banda, a Universidade de Santiago convocará para este ano o máster a desenvolver entre 2009 e 2010, dirixido a profesionais do sector pesqueiro e licenciados universitarios, baixo a dirección do Departamento de Economía Aplicada da súa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais en colaboración con diversas entidades. É a única das universidades do sistema do sistema universitario galego que oferta un máster específico de economía pesqueira e dáse a circunstancia de contar con experiencia previa por ser a responsable de nove edicións do curso de posgrao do mesmo título, e contar para o seu desenvolvemento cun importante número de empresas pesqueiras colaboradoras e persoas con experiencia no sector pesqueiro e da administración que forman parte do profesorado como expertos.

Estas circunstancias, xunto coa existencia dunha partida específica para estas actividades da USC nos orzamentos de 2009 e o seu carácter de entidade universitaria pública, xustifican a concesión da subvención para a realización desta actividade por vía de convenio consonte o establecido no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen acudir ao procedemento de convocatoria con publicidade e concorrência, quedando debidamente acreditado o seu interese xeral e a imposibilidade e inconveniencia de cumprir estes requisitos.

SANIDADE CONSTATA UN DESCENSO NA ACTIVIDADE GRIPAL EN GALICIA

- *Os servizos de vixilancia epidemiolóxica identifican unha baixada da incidencia da gripe A(H1N1) logo de que a actividade gripal acadase o seu cumio na semana do 1 ao 7 de novembro*

A conselleira de Sanidade e presidenta do Servizo Galego de Saúde, Pilar Farjas Abadía, presentou hoxe aos membros do Consello da Xunta o segundo informe sobre a pandemia de gripe A(H1N1)v. Farjas Abadía transmitiu que os servizos de vixilancia epidemiolóxica da Consellería de Sanidade están a constatar xa unha baixada da incidencia da gripe A(H1N1) na poboación galega.

A finais de setembro a onda epidémica comezou a medrar en Galicia, acadou o seu cumio na semana do 1 ao 7 de novembro pasado, e iniciou o seu descenso. A previsión é que esta onda epidémica remate en tres ou catro semanas, mais non se pode afirmar con certeza cómo evolucionará o resto da temporada da gripe.

En xeral, a inmensa maioría dos casos de gripe A(H1N1), tanto en Galicia coma no resto de España, están a manifestarse cun cadro clínico leve, polo que non requiren máis tratamento que o habitual ante unha gripe estacional. A maior incidencia deuse nas idades comprendidas entre 5 e 19 anos e, pola contra, nas persoas maiores (65 ou máis anos de idade) non se acadaron os niveis de intensidade de invernos pasados.

No que atinxe á gravidade, a onda epidémica rematará con menos de 25 ingresos por cada 100.000 habitantes, é dicir, o escenario máis leve dos considerados na preparación dos hospitais de Galicia. Así mesmo, desde o inicio da transmisión do virus en Galicia, a proporción de ingresos na UCI é do 11 por cento e a mortalidade é de 0,4 falecidos por cen mil habitantes.

Sanidade tamén lembra que continúa a desenvolverse a campaña de vacinación para a gripe A para a poboación obxectivo, á cal está dirixida especificamente esta campaña e que se está a desenvolver sen incidencias. Esta mesma semana xa se recibiron as vacinas específicas -un total de 24.000 doses- para as mulleres embarazadas, que poden vacinarse desde hoxe. As mulleres embarazadas deberán acudir ao seu centro de saúde habitual, onde se lles indicará cómo e onde proceder á vacinación.

CULTURA E TURISMO DESTINARÁ 6,3 MILLÓNS DE EUROS PARA A SEGUNDA FASE DO PLAN CORRECTOR DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

- *A segunda fase do Plan corrector contempla intervencións sobre o trazado físico e na rede de albergues do Camiño Inglés, Norte, Primitivo e Vía da Prata*
- *En total, a Consellería de Cultura e Turismo investirá 12,1 millóns de euros a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para a posta en valor dos Camiños de Santiago*
- *A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo prevé en 2010 a entrada en funcionamento de 5 novos albergues e traballará en colaboración cos concellos para duplicar a oferta de hospedaxe para peregrinos con instalacións provisionais*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a segunda fase do Plan corrector dos Camiños de Santiago, que autoriza un investimento de 6.377.000 de euros en intervencións no trazado físico e na rede de albergues do Camiño Inglés, Norte, Primitivo e Vía da Prata. Esta cantidade completa a partida de 5,8 millóns de euros prevista na primeira fase do Plan corrector para os Camiños Francés, Portugués e Fisterra-Muxía. En total, a Consellería de Cultura e Turismo destinará, a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, unha contía superior aos 12,1 millóns de euros para a revalorización continua dos Camiños de Santiago en Galicia.

De forma detallada, a segunda fase do Plan corrector prevé un investimento de 6.377.000 de euros, dos que unha partida de 900.000 euros se executará no presente ano 2009. A distribución deste importe entre os catro camiños será a seguinte: Camiño Inglés, 1.163.000 euros; Camiño Norte, 1.944.000 euros; Camiño Primitivo, 1.316.000 euros e Vía da Prata, 1.952.000 euros.

A Consellería de Cultura e Turismo aproba este esforzo orzamentario para o mantemento, protección e revitalización dos Camiños de Santiago ante a proximidade do Ano Santo e en resposta ao constante e imparable incremento de peregrinos e viaxeiros que realizan os itinerarios xacobeos galegos, así como o impacto económico que produce este fluxo constante.

Elaboración do Plan corrector

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da S.A de Xestión do Plan Xacobeo, elaborou este Plan corrector en colaboración cos concellos, asociacións de amigos dos camiños e outros axentes implicados e interesados nas rutas xacobeas para corrixir os problemas máis urxentes. As actuacións específicas refírense a intervencións no trazado físico do camiño (roza e limpeza, sinalización e obras de mantemento e conservación) e na rehabilitación e ampliación da rede de albergues.

A organización para este proxecto é dirixida desde a Consellería e Turismo e a Xerencia da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, contando para isto con catro fontes de información: os servizos técnicos da sociedade, unha consultoría externa de apoio para traballo de campo e cartografía, os concellos e a Asociación de Amigos do Camiño. O estudo centrouse fundamentalmente en cinco aspectos: albergues, ruta, sinalización, patrimonio arquitectónico e servizos.

Intervención na rede albergues

As actuacións definidas no Plan corrector están destinadas a proporcionarlles aos peregrinos e camiñantes os servizos axeitados e satisfacer as súas necesidades máis inmediatas de acollida e hospedaxe. A calidade ambiental e a sustentabilidade, o respecto histórico e paisaxístico son os criterios que priman na elaboración dos proxectos destas construcións, tanto de nova feitura como nas restauracións de edificios nobres, casas rurais, escolas unitarias, edificios de distintos usos, contribuíndo deste xeito á recuperación patrimonial de Galicia.

Nesta segunda fase do Plan corrector destinaranse 910.000 euros á mellora do equipamento e á conservación dos albergues dos catro camiños. Dentro do Camiño Inglés está prevista a licitación a finais de 2009 dun novo albergue en Betanzos, que incrementará en 50 prazas as 72 existentes na actualidade nas 3 hospedaxes dependentes da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo en Neda, Miño e Bruma (Mesía).

No Camiño Norte estase a redactar o proxecto para a posta en funcionamento como albergue do antigo colexio das monxas da Rúa Trindade, en Ribadeo. A licitación será solicitada durante o 2010 para ampliar a oferta de 304 prazas nos 7 albergues desta ruta (Ribadeo, Lourenzá, Mondoñedo, Abadín, Vilalba, Begonte e Sobrado).

Respecto ao Camiño Primitivo, no Ano Santo 2010 entrará en funcionamento o novo albergue de Seixas, en Palas de Rei, que achegará 36 novas prazas ás 102 ofertadas na actualidade nas instalacións de Padrón (A Fonsagrada), O Cádavo (Baleira), Lugo e San Román de Retorta (Guntín). Do mesmo xeito, estanse a redactar os proxectos de execución para os futuros albergues da Casa de Pasarín (A Fonsagrada) e o de Castroverde.

Na Vía de Prata estanse a estudar accións para resolver a carencia de aloxamento fundamentalmente entre A Gudiña e Laza, mediante o acordo para a utilización dos albergues que a Deputación de Ourense ten feito nas estacións de RENFE de Vilavella (A Mezquita), Campobecerros (Castrelo do Val) e Vilar de Barrio. Na actualidade, tramítase a licenza dos futuros albergues de Pereiro Vello (A Mezquita) e Viladerrei (Trasmirás) que completarán as 366 prazas dos 12 actuais (A Gudiña, Laza, Verín, Vilar de Barrio, Sandiás, Xunqueira de Ambía, Ourense, Cea, Dozón, Lalín, Silleda e Vedra).

De forma resumida, a S.A de Xestión do Plan Xacobeo a través das dúas fases do Plan corrector, realizará labores de conservación e mantemento en 49 dos 64 albergues dependentes da Xunta de Galicia. Do mesmo xeito, intervírase na substitución e na mellora de mobiliario, o que permitirá ampliar o número de prazas en 8 albergues.

De cara ao Ano Santo 2010 entrarán en funcionamento 5 novos albergues en Dumbría, Casa Grande de Lusío (Samos), Seixas (Palas de Rei), Betanzos e Boimorto. O remate da reforma completa do albergue de Melide no próximo ano permitirá sumar 130 prazas ás 167 que estarán habilitadas durante todo o Xacobeo no Pazo de Congressos da localidade. A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo traballará en colaboración cos concellos para instalar albergues provisionais coa solución máis axeitada (toldos, pavillóns, naves,...) en todos os Camiños de Santiago, de cara a duplicar durante a época de maior afluencia de peregrinos as 2.984 prazas ofertadas na actualidade.

Como novidade, está previsto instalar nos albergues un panel informativo en que se recolla información referente ao seguinte tramo que espera ao peregrino. Inclúirá un mapa co camiño, monumentos, distancia a percorrer ademais de información sobre lugares de interese paisaxístico.

Intervención no trazado físico do Camiño

O Plan corrector incidirá na limpeza, sinalización e labores de mantemento e conservación dos trazados. Está previsto realizar labores de roza e limpeza en máis de 1.100 kilómetros dos camiños. En concreto, na segunda fase contéplase a intervención en 150 km do Camiño Inglés, 180 km do Norte, 127 km do Primitivo e 360 km da Vía da Prata así como os arranxos puntuais necesarios para o seu mantemento anual en función da súa gran fragilidade. Neste punto trátase de facer fronte á continua erosión e desgaste das accións meteorolóxicas e humanas sobre os tramos, na súa maioría de terra e de practicamente nulo mantemento. O orzamento, para os anos 2009 e 2010 destas accións ascende á cantidade de 705.000 euros. No exercicio 2009, a roza e limpeza do Camiño abórdase a través de convenios con todos os concellos de todos os camiños incluídos, aos cales se lles pagará unha cantidade conforme aos quilómetros de camiño que pasan por cada concello. Así mesmo, porase en marcha un servizo de inspección de limpeza e roza, realizado e documentado por persoal da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

A recuperación física do Camiño abordarase con respecto á súa dimensión histórica e paisaxística. Os traballos de mantemento e conservación contemplan principalmente labores como o arranxo do piso, o recheo de material, a compactación do terreo, a colocación de pavimentos con lastros ou lousa así como a plantación de árbores e arbustos e o sementado de céspede natural. No caso dos tramos orixinais medievais e os que discorren por calzadas romanas haberá un tratamento singularizado na

superficie ao seu paso polos núcleos rurais de poboación mediante pavimentos tradicionais, seguindo as características e materiais propios da zona. A segunda fase do Plan corrector define en total 99 actuacións prioritarias cun investimento total duns 4,2 millóns de euros para os catro camiños.

Respecto á sinalización, traballárase en colaboración cos concellos para evitar a proliferación descontrolada de información e na colocación de marcos en cada cruzamento. Deste xeito, prevése mellorar e reforzar a sinalización dos marcos e cunchas xa existentes así como a colocación de marcos con quilometraxe, cunchas cerámicas e placas quilométricas. En total, está previsto colocar e recolocar 1.360 elementos sinalizadores nos catro camiños, o que precisará un investimento superior aos 570.000 euros.